



## Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

### Instrucións para o procedemento de admisión e matrícula para o proxecto de formación profesional dual do ciclo formativo de Electromecánica de Maquinaria que se desenvolverá no CIFP As Mercedes de Lugo

#### Prazos de presentación de solicitudes

Desde o día 3 de decembro ata ás 13:00 horas do día 17 de decembro.

#### Presentación da solicitude

Deberá presentarse unha única solicitude, por duplicado, que se entregará nalgún dos seguintes centros:

Concello	Código de Centro	Centro educativo	Enderezo	Teléfono	Correo
A Coruña	15024513	CIFP Someso	Rúa Someso 6	981282200	cifp.someso@edu.xunta.es
	15027770	IES A Sardiñeira	Avenida da Sardiñeira	981247316	ies.sardineira@edu.xunta.es
Lugo	27006528	CIFP As Mercedes	Avenida de Madrid 75	982221212	cifp.asmercedes@edu.xunta.es
Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	Rúa Rosalia de Castro 133	981522062	cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.es
Ourense	32009131	IES Universidade Laboral	Rúa Universidade 18	988226304	ies.universidade.laboral@edu.xunta.es
Pontevedra	36020064	CIFP Carlos Oroza	Avenida Montecelo 16	986847002	cifp.carlos.oroza@edu.xunta.es
Vigo	36013448	CIFP Manuel Antonio	Avenida de Madrid, s/n - (Apartado 3138)	986273800	cifp.manuel.antonio@edu.xunta.es
	36011634	IES Politécnico de Vigo	Rúa Torcedeira 88	986213025	ies.politecnico.vigo@edu.xunta.es
	36011579	IES A Guía	Avenida Dona Fermina 1	986375111	ies.guia@edu.xunta.es
	36017430	IES Ricardo Mella	Estrada Vella de Madrid 177	986253711	ies.ricardo.mella@edu.xunta.es

En caso de que a persoa solicitante presente máis dunha instancia ou solicite máis dun proxecto, non se terá en conta a súa petición.

#### Documentación

A solicitude de admisión, anexo I, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro.
- Certificación académica relativa aos requisitos de acceso, no caso de non ter realizado



os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- c) Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>.

### Requisitos das persoas solicitantes

Para poderen acceder a este proxecto de formación profesional dual, as persoas aspirantes deberán cumprir o seguinte:

- Ter entre dezaioito e vinte e nove anos no momento de inicio do programa formativo.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos establecidos no artigo 36 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, para poder matricularse en todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente, e que se detallan no modelo de solicitude, no anexo I desta orde.
- Carecer da cualificación profesional, obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

### Calendario do procedemento

	Prazos
Presentación de solicitudes	Do 3 ao 17 de decembro ás 13 horas
Relación provisional de persoas solicitantes	18 de decembro
Reclamación á relación provisional de persoas solicitantes	19, 20 e 22 de decembro
Relación definitiva de persoas solicitantes	23 de decembro
Período de selección por parte da entidade colaboradora	Do 19 ao 31 de decembro
Relación de persoas admitidas e en espera	A partir do 2 de xaneiro
Matrícula	Desde a publicación da listaxe de persoas admitidas e en espera ata ás 13:00 horas do 9 de xaneiro.